
XXI CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA APÓSTOL SANTIAGO

1. Participantes: Alumnado de ESO e Bacharelato nas seguintes categorías.

CATEGORÍA I: 1º ESO, 2ºESO e 3ºESO

CATEGORÍA II: 4ºESO e BACHARELATO

2. Presentación:

a. As fotografías deben facer referencia a calquera concepto matemático.

b. As fotografías enviaranse en alta calidade ao enderezo de correo electrónico concurso.fotografia@colegioapostol.com indicando no asunto **concurso fotografía**.

c. Na mensaxe deberá aparecer o título da foto, a explicación do concepto, a localización, a data de realización, o autor, o curso e a sección.

3. Orixinalidade: Os traballos han de ser orixinais e inéditos, non podendo ser presentados anteriormente a outros concursos e que non supoñan, en todo ou en parte, copia ou plaxio de obras publicadas propias ou doutros artistas. O non cumprimento destas bases implicará a descualificación automática.

4. Prazo: O prazo de presentación das fotografías rematará o venres 27 de marzo do 2020.

5. Premio: Haberá un premio por categoría que consistirá nun libro de temática matemática e 50€ en metálico. O premio poderá quedar deserto nunha categoría e pódese ampliar na outra.

6. Entrega de premios: Entregaranse o 6 de maio na gala de entrega de premios do Colexio Apóstol Santiago.

7. Xurado: Ditaminará a obra gañadora un xurado composto por un membro da ANPA e varios profesores do Departamento de Matemáticas e Plástica do Colexio.

8. As obras presentadas quedarán no poder do Colexio.

9. As fotografías premiadas serán publicadas na revista "O Noso Lar" e nas redes sociais do colexio.

10. O feito de participar no concurso supón a total aceptación destas bases.

